

VIERNES, 13 de noviembre de 2009

LUCES

O pop galego asómase ao peirao de Liverpool

D. SALGADO | 13 NOV 2009

Archivado en: [Pop](#) [Estilos musicales](#) [Música](#)

Coa palabra de orde Re-volver na cabeceira, unha plural representación da escena pop galega lembraron onte na Sala Capitol de Santiago as cancións dos rapaces máis famosos de Liverpool. Sete bandas botáronse ao legado dos Beatles sen excesivo medo escénico. Conduciu a homenaxe o escritor Camilo Franco e o público, 700 persoas que encheron o local, respondeu a coro a cada melodía. Non importaba a procedencia das cancións: escenario ou megafonía.

As Faltriqueira, habituais do circuío folk, abriron a capella e invocaron o espírito beach boy para enfrontarse a Because e I Will. Sucedéronas Magritte, que aplicaron un previsíbel tratamento funk rock a Come together e Here comes the sun. En galego. Tamén Burgas Beat traduciron Across the universe e procuraron ecos duns Crazy Horse co rocanrol de One after 909. Pero foron as guitarras acústicas de Narf e Javier Abrales as que levaron a máis estrondosa ovación. O seu Eleanor Rigby desenvolveuse a través da psicodelia folk e fixo ecoar a John Fahey. Con Blackbird, Nick Drake sobrevoou a escena.

Os arranxos jazzy de U-lo Trío despexaron dúbidas sobre a prestancia harmónica de Norgewian Wood e Day Tripper antes de que Niño y Pistola manifestasen sobre as táboas o que se detecta nos seus elepés: discípulos dos Beatles liña dura. And your bird can sing cumpriu e I am the walrus chantou un dos estadullos de intensidade da noite. Pecharon The Homens emplastando, vía noise, Please please me e a atómica Helter Skelter.